

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 08/04/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
ARGIMIRO SERÉN MERA
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 08/04/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A EN FUNCIONS

MARÍA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 1 de abril de 2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/1226

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 8 de abril de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 8 de abril de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA APROBAR	A _{DATA XGL}	CUMPRE LIMITES
IMPRESA AGQ, S.L.	B36267615	444,31 €	08/04/2019	SÍ
INVERSIONES LEREZ, S.L.	B36471662	471,90 €	08/04/2019	SÍ
KILOVATIO GALICIA, S.A.U.	A15051089	1.107,50 €	08/04/2019	SÍ
MANTOS. CONTRAINCENDIOS, S.L.	UB15892987	2.323,20 €	08/04/2019	SÍ
MITIK RECORDS, S.L.	B63571582	10.672,20 €	08/04/2019	SÍ
OBRAS Y SERV. FERNANDEZ, S.L.	B36124212	1.787,50 €	08/04/2019	SÍ
OCAÑA NOVOA, ROBERTO	35417119V	796,18 €	08/04/2019	SÍ
PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	B36112043	2.155,01 €	08/04/2019	SÍ
SUMINISTROS SOHER, S.L.	B36199958	2.541,00 €	08/04/2019	SÍ
TRANS IBAI PORT, S.L.	B31958028	8.167,50 €	08/04/2019	SÍ
TRITURADOS DO SAIAR, S.L.	B36435170	6.534,00 €	08/04/2019	SÍ
DURAN RECUNA, CRISTINA	35476266P	1.494,35	08/04/2019	SI
REY GAVIÑO, FRANCISCO JAVIER	76995246D	2.468,40	08/04/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/0803

Dáse conta de escrito da **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior**, trasladando documentación presentada por D. Martín Vázquez Blanco, propietario de Establecemento "DIURNO", en relación ó dereito de admisión nun local situado na Rúa Méndez Núñez nº 19 de Vilagarcía de Arousa.

Visto oinforme emitido polo Departamento de Actividades Clasificadas e atendendo á solicitude do Sr. Vázquez Blanco, en relación ao contido do cartaz relativo ás condicións para o acceso e permanencia do local da súa titularidade, situado na Rúa Méndez Núñez nº 2-Baixo, e conforme ao establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a D. Martín Vázquez Blanco para a colocación en lugar visible do seu local, do cartaz no que se especifican as condicións de acceso e permanencia no mesmo, nos termos contidos no seu escrito de solicitude e documentación achegada.

PRP2019/1084

Dáse conta de informe do Encargado do Servizo Municipal de Obras en relación con desperfectos no pavimento de aglomerado asfáltico na Rúa Adolfo Pedrido Morla, tras varias queixas recibidas de veciños e usuarios do Complexo Deportivo de Fontecarmoa, no que indica que se observa que o pavimento ao longo de aproximadamente 8 metros ten un alombamento, na zona mais alta, de 20 cm. sobre a rasante do resto da calzada, podendo ser causados polas raíces dun pino, de gran porte, situado na parcela municipal lindeira coa Piscina.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que polo Servizo Municipal de Xardíns se emita o correspondente informe sobre as actuacións que consideren necesarias antes de proceder á escavación, nivelación e asfaltado do vial.

PRP2019/1085

Dáse conta do escrito presentado por **D Mariano Dos Santos dos Santos**, solicitando autorización para instalar un inchable os días 5, 6 e 7 de abril na Praza da II República.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/1089

Dáse conta de informe da Policía Local comunicando a relación de ubicacións de controis de velocidade e calendario, para o mes de abril, coincidindo coa Campaña especial sobre vixilancia e control de velocidade, programada pola DGT, realizando os mesmos entre o 1 e o 7 de abril de 2019 nas Rúas. Avda. de Pontevedra, Avda. Agustín Romero, Avda. de Rubians, Rúa Montiño, Avda. de Vilanova, Rúa Valle Indclán, Avda. Rosalía de Castro, Rúa Valentín Viqueira; Rúa San Xoán (Bamio), Rúa Outeiro (Bamio), Avda. Víctor Pita, Rúa Arealonga e Rúa Valentín Viqueira. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1095

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kilovatio Galicia SAU**, para o subministro de 5 luminarias tipo Ircana 12Led 36w 740 vaop 1-10v, para a iluminación do novo Xardín de Camelias en Rubiáns, por un importe total de 1.340,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.633. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1099

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Imprenta AGQ SL**, para a encadernación de 12 libros de Resolucións da Alcaldía do exercicio 2018, por un importe total de 444,31 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1100

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Mantenimientos Contraincendios SL**, para prórroga do mantemento dos sistemas de extinción de incendios das Instalacións Municipais de xaneiro a xuño de 2019, realizando as revisións nos meses de marzo e xuño, por un importe total de 2.323,20 € (IVE incluído), con cargo ás partidas que se indican:

DESCRICIÓN	PARTIDA	IMPORTE TRIMESTRE €	TOTAL TRIMESTRES €	2
POLICÍA	132.213	24,20	48,40	
EMERXENCIAS	235.213	24,20	48,40	
CASA DR. CARÚS	231.213	12,10	24,20	
EDIF. MATOSINHOS	241.213	12,10	24,20	
EDUCACIÓN	320.213	471,90	943,80	
GALIÑA AZUL	323.213	12,10	24,20	
CANCEIRA MUNICIPAL	311.213	24,20	48,40	
CULTURA	334.213	314,60	629,20	
TURISMO	432.213	24,20	48,40	
ESTRADAS	453.213	24,20	48,40	
CASA DO CONCELLO	920.213	84,70	169,40	

SPAD	2311.213	24,20	48,40
CONSERVATORIO DE MÚSICA	3261.213	24,20	48,40
ESCOLA DE MÚSICA	3262.213	24,20	48,40
BIBLIOTECAS	3321.213	48,40	96,80
MERCADOS	4312.213	12,10	24,20
TOTAL GENERAL		1.161,60	2.323,20

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1101

Dáse conta do escrito remitido pola **Unidade de Estradas en Pontevedra, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia**, en relación coa sinalización de parada de autobús escolar na Estrada N-640a, no que solicitan a presentación de documentación para a correcta localización e definición da actuación que se solicita, así como autorización da Subdirección Xeral de Infraestruturas do Transporte da Xunta de Galicia para a instalación da parada de autobús escolar. A Xunta de Goberno Loxcal queda sabedora e acorda que se remita o escrito á Xerencia de Urbanismo aos efectos de realización da correspondente documentación (plano).

PRP2019/1102

Dáse conta do escrito remitido pola **Unidade de Estradas en Pontevedra, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia**, en relación coa sinalización de parada de autobús escolar na Estrada N-640a, PK 235+700, no que solicitan a presentación de documentación para a correcta localización e definición da actuación que se solicita, así como autorización da Subdirección Xeral de Infraestruturas do Transporte da Xunta de Galicia para a instalación da parada de autobús escolar.

A Xunta de Goberno Loxcal queda sabedora e acorda que se remita o escrito á Xerencia de Urbanismo aos efectos de realización da correspondente documentación (plano).

PRP2019/1104

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta de que nos primeiros días de abril a Autoridade Portuaria levará a cabo actuacións para a ordenación e calmado do tráfico nas Rúas Rivero de Aguilar e Valle Inclán, en vías da súa titularidade, o que levará aparellado o corte da Rúa Rivero de Aguilar duante unhas obras, motivo polo que o tráfico en sentido Vilaxoán a Carril deberá desviarse pola Avda. da Mariña, continuando o sentido contrario por Rivero de Aguilar.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1105

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Suministros Soher SL** para o subministro dunha serra manual con baixada hidráulica CY 270N-BH, por un importe total de 2.541,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1108

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Crespo Amigo, en representación de **Asociación Española contra o Cancro**, solicitando autorización para instalar un posto de venda de lotería, o día 2 de abril de 2019, en horario de 10 a 13 horas na Rúa Arcebispo Lago.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/1109

Dáse conta do escrito presentado por Dona Begoña Cerqueiro García, en representación de **Asociación Parkinson Provincia de Pontevedra**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para instalar unha carpa informativa o día 13 de abril, en horario de 10 a 14 horas.

Acórdase comunicarlle que non é posible conceder a autorización solicitada por coincidir a data co desenvolvemento da campaña electoral e estar o citado espazo a disposición da Xunta Electoral de Zona para actos de campaña.

PRP2019/1110

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lucía Cesar Veloso, en representación de **Bloque Nacionalista Galego**, solicitando autorización para ocupación de vía pública para celebración dun acto no Parque da Xunqueira, o día 6 de abril, en horario de 17 a 21 horas..

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/1113

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Inversiones Lerez SL** para o subministro sinalización fotoluminiscente (15 sinais desfibrilador cadrada e 15 carteis desfibrilador panorámico) para sinalizar os desfibriladores de propiedade municipal, por un importe total de 471,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1114

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Ana Muiños Martínez**, solicitando a instalación dun espello para mellorar a saída da propiedade situada na Rúa Marxión nº 19.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios da citada propiedade deberá proceder á colocación pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2019/1115

Dáse conta de comunicación do **Instituto Galego de Estatística** comunicando que están realizando a operación estatística "Enquisa estrutural a fogares", en cumprimento do Plan Galego de Estatística 2017-2021 (Lei 15/2016, do 28 de xullo, DOG nº 145 do 2 de agosto de 2016).

A citada enquisa diríxese a 9.216 vivendas repartidas por todo o territorio galego, as cales serán visitadas entre o 1 de abril e o 26 de maio por un entrevistador debidamente acreditado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1116

Dáse conta do escrito presentado por D. José Mario Hermo Alonso, en representación de **Lub Kenpo Vilagarcía**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para a realización de exhibición de zumba, pilates e bike, o día 6 de abril, en horario de 9:30 a 13:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/1118

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **PEYCAR Pontevedra SL**, para o subministro e dotación de uniformidade regulamentaria para dous policíaas de nova incorporación en prácticas, por un importe total de 2.155,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1154

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Marta García Lago**, solicitando a ocupación do recinto Fexdega para organizar de forma conxunta os eventos denominados EXPOCASA (II edición) e DEGUSTA GALICIA (II edición), do 17 ó 19 de maio de 2019.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude

- Ingreso de dous mil euros en concepto de aportación económica establecida para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948).

Antes do inicio da montaxe

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva
- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación do persoal participante no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade, ó que se lle porá en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.
- Presentación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil polos feitos que puideran acontecer nas instalacións durante a actividade coas seguintes características:
 - Garantía principal mínima de 600.000 € a disposición do evento.
 - Deberá cubrir a responsabilidade civil de explotación, locativa e de produto
 - As cláusulas de ámbito territorial e situacional, permitirán sinalar o recinto Fexdega como espazo onde se desenvolve a actividade.
- Certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social, e dicir, non ter causado baixa dende a data da certificación presentada no momento da solicitude do espazo.
- Certificación de seguir o corrente das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Administración Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.

Antes da inauguración do evento

- Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega. Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.
- Presentación da certificación emitida por un técnico de seguridade alimentaria (ou por profesional con competencia na materia) que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude técnica das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.
- Acreditación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. A devandita documentación ira acompañada dunha listaxe onde se mostre o nome e apelidos, o DNI e unha fotografía actual de cada un dos acreditados.

Consideracións xerais

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. Os eventos deportivos e os relacionados co público infantil teñen condicións especiais, tales coma a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc.
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. Se fose necesario contar con autorización administrativa para a instalación da publicidade, a xestión da mesma correrá por conta do promotor.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

PRP2019/1243

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2019 de continuidade da prestación do Servizo de Mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo instalados nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como a conexión destas alarmas con central homologada, figurando no mesmo:

APLICACIÓN	IMPORTE
920.213	147,26 €
334.213	368,83 €
241.213	65,05 €
334.213	368,83 €
2311.213	177,19 €
323.213	183,68 €
432.213	72,63 €

E debendo figurar:

APLICACIÓN	IMPORTE
920.213	147,26 €
334.213	368,83 €
241.213	65,05 €
2311.213	177,19 €
323.213	183,68 €
432.213	72,63 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2019/1288

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a autorización á empresa Altman Forestal SL, para a realización gratuíta dos traballos de retirada de madeira da parcela situada en Rúa Adolfo Pedrido Morla nº 5, na cal se preve a futura construción do acuartelamento da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa, cedida temporalmente ao Concello e que se vai a habilitar para o uso de aparcamento disuasorio na zona de Fontecarmoa e O Piñeiriño.

RECURSOS HUMANOS

PRP2019/1125

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2019, actualizadas ao primeiro trimestre (31 de marzo de 2018) de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 349 empregados e un total de gasto de 2.477.640,44 € (retribucións e seguridade social), dende o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

PRP2019/1289

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, Área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona **Cristina Durán Recuna**, para a realización de fotografías e maquetación para exposición urbán con motivo do Día Internacional dos Xitanos "XITANO? SI, VILAGARCÍAN? TAMÉN", por un importe total de

1.494,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22643.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/1149

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dun Obradoiro de mantemento de instrumentos de Corda a impartir por D. Alejandro Anxo Cabreira, o día 8 de abril de 2019, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes e sen custo económico para o Concello.

PRP2019/1148

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dunha enquisa sobre "Análise da motivación académica e autoconcepto musical do alumnado do Conservatorio de Vilagarcía de Arousa" que se levará a cabo pola profesora de violonchelo do citado Centro Dona Susana Blanco Novoa, dentro dos estudos de doutorado da tese que está a realizar na Universidade de Vigo co alumnado do Grao Profesional de Música das materias de Coro e Orquestra, informando ás familias en relación á realización da mesma, co obxectivo de que, no caso en que o desexen, poidan optar por non participar, ao tratarse dunha actividade voluntaria.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2019/1156

Dáse conta da publicación no DOG nº 62, do 29 de marzo de 2019, da Orde do 15 de marzo de 2019, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención con aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde, para:

- Mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/1144

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **OYS FERNANDEZ SLU** para a colocación de colector de 12 m³ no punto limpo para a recollida seleccionada de restos de sanitarios (WC,

duchas, bañeiras, etc), cun importe de 325 €/colector (IVE non incluído) e considerando que sería necesaria a retirada duns cinco colectores no que resta do ano, o orzamento ascendería a 1.625,00 € (IVE non incluído) + 10% de IVE, dando un resultado de 1.787,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1145

Dáse conta de informe do Servizo de Medio Ambiente en relación ás subvencións concedidas ao abeiro das bases do Programa de Axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2018.

Dáse conta da subsanación de deficiencias en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente, ás entidades seguintes:

- Comunidade de Montes en man común Parroquia de Rubiáns
- Comunidade de Montes Veciñais en man comun de Trabanca Sardiñeira
- Comunidade de Montes de Trabanca Badiña
- Comunidade de Montes veciñais en man común de Guillán
- Comunidade de Montes veciñais en man común de Sobrán e Vilaxoán.

CULTURA

PRP2019/1155

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura, en relación coa realización dun concerto musical a cargo de Jaime Urrutia o día 18 de maio de 2018, ás 23:00 horas, no Parque da Xunqueira, dentro da programación cultural do mes de maio.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor a **MITIK RECORDS SL** para a produción da citada actuación, con motivo das Festas de Santa Rita 2019 por un importe total de 10.672,20 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 338.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2019/1150

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 14 de marzo de 2019, de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa no Plan Concellos 2018-2019, liña 1-Investmentos (anualidade 2019), con destino ao financiamento do investimento “Sinalización semafórica intersección Doctor Tourón, Fariña Ferreño e Alejandro Cerecedo”, por un importe de 61.024,72 €, con cargo ao orzamento de 2019. (Expte. 2019008451)
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1290

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Francisco Javier Rey Gaviño** para a realización de tres infografías 3D do proxecto de Humanización Urbanización O Piñeiriño, por un importe total de 1.379,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1291

